

# OFERTA DE EMPREGO

## Técnico/a en formación – Oficina Técnica

Empresa: C.M. Galanas

Localización: Santiago de Compostela

### Sobre C.M. Galanas

C.M. Galanas é unha empresa especializada no deseño, fabricación e montaxe de estruturas e elementos metálicos en aceiro inoxidable e ferro. Desenvolvemos proxectos á medida para os sectores da industria, da construción e do retail, ofrecendo solucións técnicas de alta calidade.

### Descrición do posto

Buscamos incorporar unha persoa con pouca ou ningunha experiencia para formala dentro do noso Departamento de Oficina Técnica.

Apostamos polo talento novo e ofrecemos un plan de formación práctica que lle permita adquirir experiencia profesional nun contorno industrial real.

A incorporación realizarase mediante prácticas remuneradas a través de FEUGA, con posibilidade de continuidade na empresa unha vez finalizado o período formativo, en función do desempeño da persoa candidata e das necesidades da organización.

### Funcións

- Realización de medicións e toma de datos en obra.
- Elaboración de planos mediante AutoCAD, SolidWorks ou Solid Edge.
- Apoio na elaboración de orzamentos e estudos económicos.
- Interpretación de planos e documentación técnica.
- Colaboración cos departamentos de produción e montaxe para o seguimento dos proxectos.

### Perfil

Buscamos persoas tituladas ou estudantes de último curso de Enxeñaría Mecánica, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Arquitectura Técnica, Deseño en Fabricación Mecánica, Programación da Produción en Fabricación Mecánica, Construcións Metálicas ou outras titulacións afíns.

Non é necesaria experiencia previa.

Valorarase o coñecemento de AutoCAD, SolidWorks ou Solid Edge, a capacidade para interpretar planos, o interese polo deseño, a fabricación metálica e a xestión técnica de proxectos, así como ser unha persoa responsable, organizada, con iniciativa e ganas de aprender.

### Ofrécese

- Prácticas remuneradas.

- Formación práctica desde o primeiro día.
- Participación en proxectos reais.
- Aprendizaxe xunto a un equipo técnico con ampla experiencia.
- Incorporación a unha empresa consolidada e en crecemento.
- Posibilidades reais de incorporación ao cadro de persoal e de desenvolvemento profesional.

#### Candidaturas

Enviar currículo a: [cristina@galanas.es](mailto:cristina@galanas.es) ou [galanas@galanas.es](mailto:galanas@galanas.es)

Teléfono: 981 548 711